

RESEÑA DO VIAXE QUE FIXO PELUDEZ A AUSTRIA COS "AMIGOS DOS CASTILLOS"
NO MES DE MARZO DE 1988.

=====

Decía meu abó:-Non debe alonxarse da casa ún,cando xa pra él non miran as mozas cando pasa.Tíña razón:xa as mozas torcen a cara ó verme.E pasoume que o Soane,que é un demo argalleiro con unha vaina que Dios lla conserve,tentoume así:-Pelúdez,por qué non vés con nós a Viena?.Dizen:-Nada se me perde aló. E dixome:-Conoces a fama que tén o pan de Viena? Pois inda tenen máis as xovenquiñas que hai por ali.Si vés,digoche que volves remozado vinte anos.

A puñesquera da Filomena coidou ser certo que eu volvería vinte anos máis novo e más...garimoso,e animoume a que fose.E fun.Pro de remojar inada,monada!,que muitas pasei en tal viaxe.Mira:de andar sentado en coches e aviós,onde antes tíña dous asentadeiros,teño agora sólo dous ca-llos.

Na primeira parada camiño de Madri,tiven o primeiro enredo.As mulleres e homes debían vir escornados:ó entrar nun bar,as mulleres coleron pra ún lado facendo unha cola,e os homes foron por outro lado.Eu sentei-me ó pé do mosteiro.Duas rapazas,que non eran do noso viaxe,chegáronse a min.Unha perguntoume onde mercara a chaqueta,e apalpoume a tela pra saber a calidá.A outra,mui confianzuda,dixome:-!Guapoi!.Por qué non nos pagas o café pra correr o frio? Como eran guapas,pagueilles os cafeses,pagaramos bolos dulces e bocadillos,pois non se podía chamar á aquello bocadillos.Fóreronse mui ledas e unha delas agras-de-cendo o convite-+mala centella a fenda-pasoume a mau pola cara.E cando fun a pagar faltábame a carteira,que me mifaran ó apalparme a chaqueta Encabuxado,pregunteille ó da caixa:-Podes decirme cómo se chama este bar?.Dixo:-Chámase Ruta...de non sei qué. Mais cabreado,dixenlle:-Pois á tua RUTA,podes quitarlle á erre a pata que lle sal do lado dianteiro,que lle acaerá millor chamarse así.

Seguimos pra Madri.Ali montamos nun avión onde as ALZAPATAS déronnos pra comer unhas fuchicadas que non chegan pra un dente.Pousáronnos en Viena,e metéronnos nun hotel que,pra entrar e salir,tíña más portas que furados un traxe dun probe.¡Os donos? !Toles de remate!.Faciannos ir to-mar a parva a un sitio fora do hotel,almorzar en outro con más escale-iras que comida;e a cenar a outro.Había que andarsaci media legua,pois o hotel era tan longo como o abrigo que quixo probar Carlota no sitio que xa che direi.

Os camareiros cacarexahan en alemán e non nos entendiamos.Fun a un si-tio a tomar café que non sabía a café,y o camareiro !veña a falar vienesano!.Como Cruz me dera un pañel que di que pra decir SÍ en Viena dicese JA,cando o galopín me falou astravesado,eu,por pasar por sabido,dixenlle JA.Non sei que volvou decirme,i eu a decir JA.E canso de escuitalo e por decir sí a todo,dixenlle:¡JA,JA,JA,e vaite á...!.El,ríndose,dixome:-Non sigas,que xa sei a onde queres mandarme... E dixome en gallego,porque aquel alemán era un gallego de Triacastela.

O sábado fun á misa,con Obispo,cñegos e cantores.¡Muito falaron!.Como nonos entendiña,eu,de cando en cando,decía:¡Amén! e presinábame,por si caia ben facelo no que estaban dicindo.

O domingo leváronos a ver Viena.Demos máis voltas que as que da o na-morado que non se astreve a destrararse á moza.¡Muito vinos!.Igresias,pa-lacios,calles,prazas,monumentos.Metéronnos nun palacio muí grande que se chama algo así como SO,BURRO.Nél viviron reises,reinas e xentes tan pre-sumidas que encheron as paredes de retratos de cando estaban vivos e al-gús hastra de mortos.¡Muito tén que ver!.As camas,namoráronme.Sober todá unha prós que os reyes convidaban.Era tan ancha que xa se via que nela durmian de a tres.¡Que tamén os reises deberon ser mui lebres!.

Ó salir dali,dixome o señor Aguilar:-Paramos aquí,porque nos van a in-vitar a viño. ¡Invítos a eles o demol!.Copas con vino habías e con tan pouco,que o viño cuasi non lle tapaba o cù a copa.Eu tomei catro,que non chegaron a media copa.Quelei chafugado como a moza que lle bota o ollo a un mozo e vé que se lle vai con outra.Quelei parado,e María Portela arrempxoume contra un banco e dixome:-¡Asiéntese,que van pasar modelos_. O que pasaron foron unhas mozas que me alegraron a pestanilla,porque era guapas e porque acasaban ben a traseira i a dianteira.¡Non tinan vergon-zai!.Ergueron á forza ó Blanco Vila.ó Mario Insua i ó Varela Pintos,e me-